



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 9 DE NOVEMBRO DO 2017.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Víctor Reiriz Lampón D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D^a María Esther Patiño Rey	Interventor: D. Pablo Bao Castro Secretario xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as dez horas minutos do día nove de novembro do dous mil dezasete, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 2 de novembro de 2017.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 07/11/2017, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2017 – 000044
Importe total	205.469,24 €
Número de facturas	26
1ª factura.	
Emisor (Cif)	33228537T
Importe	23,56 €
Última factura	
Emisor (Cif)	S1517002J
Importe	154,61 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	07/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Renovación de material didáctico para o conservatorio (8 pandeiretas, 2 xilófonos e 2 banquetas de piano regulables)		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- MANUEL TABOADA VARELA - VIGO MÚSICA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MANUEL TABOADA VARELA			
NIF/CIF:	76808578D			
Importe (IVE Incluído):	953,48 €			
Observacións:				

Nº Proposta		2	Data	05/10/2017	
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro			Concellería de Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos
DESCRICIÓN DO GASTO		Revisión do pararraios do CEIP de Frións			
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- QUIBAC, S.A. - OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L. - ELECTRO VIDAL, S.L.		
Informe:					
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.					
Denominación:	QUIBAC, S.A.				
NIF/CIF:	A08325482				
Importe (IVE Incluído):	121,00 €				
Observacións:					



CONCELLO
DE
RIVERA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta		3	Data	30/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación de maquinaria para o Servizo de Parques e Xardíns		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BARRAL HERMANOS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	BARRAL HERMANOS, S.L.			
NIF/CIF:	B15224769			
Importe (IVE Incluído):	985,06 €			
Observacións:				

Nº Proposta		4	Data	30/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 5 equipos de seguridade para a realización de traballos de poda en altura		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	TRIÑANES E HIJOS SUMINISTROS INDUSTRIALES, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	TRIÑANES E HIJOS SUMINISTROS INDUSTRIALES, S.L.			
NIF/CIF:	B15707789			
Importe (IVE Incluído):	766,60 €			
Observacións:				

Nº Proposta		5	Data	23/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de ambulancia durante 7 horas, co motivo da celebración do “Encontro do maior 2017” o 03/12/2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L.			
NIF/CIF:	B15991417			
Importe (IVE Incluído):	315,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		6	Data	23/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO		Impresión de carteis e convites, co motivo da celebración do “Encontro do maior 2017” o 03/12/2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				



Denominación:	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA	
NIF/CIF:	52930719Z	
Importe (IVE Incluído):	137,00 €	
Observacións:		

Nº Proposta	6	Data	31/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Impresión e colocación de lona 2x1 m., e deseño, impresión, colocación e retirada de 1 vinilo para carpa municipal, co motivo da celebración das actividades culturais incluídas na programación das Festas do Nadal 2017-2018		
Nº orzamentos aportados	4	Provedores	• DOSTEX, S.L. • FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA • SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. - MARÍA MARTÍNEZ VILAR
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE Incluído):	128,26 €		
Observacións:			

Nº Proposta	7	Data	31/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Elaboración de carteis, rifas, diplomas,... e outros, co motivo da celebración das actividades culturais incluídas na programación das Festas do Nadal 2017-2018		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- DOSTEX, S.L. - FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA		
NIF/CIF:	52930719Z		
Importe (IVE Incluído):	885,70 €		
Observacións:			

Nº Proposta	8	Data	31/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Organización dun obradoiro de arte floral, co motivo da celebración das actividades culturais incluídas na programación das Festas do Nadal 2017-2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.		
NIF/CIF:	B70072905		



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Importe (IVE Incluído):	653,40 €
Observacións:	

Nº Proposta		9	Data	07/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Tesoureiro Municipal José Antonio Rueda de Valenzuela		
DESCRICIÓN DO GASTO		Publicación dun anuncio o venres, 10/11/2017, para dar publicidade á aprobación inicial da modificación ou derogación de ordenanzas fiscais, segundo o acordo do Pleno da Corporación Municipal de Riveira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	LA VOZ DE GALICIA, S.A.			
NIF/CIF:	A15000649			
Importe (IVE Incluído):	571,12 €			
Observacións:				

Nº Proposta		10	Data	07/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Deportes Anxo orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación de ascensor do Complexo Deportivo da Fieiteira danado pola tormenta do día 03/11/2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.			
NIF/CIF:	B46001897			
Importe (IVE Incluído):	1.407,08 €			
Observacións/Anexo ao acordo:	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda que se proceda a reclamar á correduría de seguros "Artai Consultores de Seguros" os gastos polos danos no ascensor do Complexo Deportivo da Fieiteira ocasionados pola tormenta do día 03/11/2017			

Nº Proposta		11	Data	11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Alcaldía Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 2000 litros de gasóleo calefacción para a Casa Consistorial		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	COMBUSTIBLES PUEBLA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	COMBUSTIBLES PUEBLA, S.L.			
NIF/CIF:	B15668072			
Importe (IVE Incluído):	1.338,00 €			
Observacións:				





APROBACIÓN DE INICIO DE EXPEDIENTE DE INGRESO VOLUNTARIO (EXPTE. 2017/44) POR RENUNCIA A SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO DA XUNTA DE GALICIA. PROXECTO: RIVEIRA, MOCIDADE E EMPREGO. ACOMPAÑAMENTO E MENTORING PERSOAL E PROFESIONAL PARA A MELLORA DA EMPREGABILIDADE

Visto o informe emitido polo Concelleiro Delegado de Deportes e Xuventude, Anxo Orellán Fernández, de data 03/11/2017, no que sinala:

“Que se solicitou unha subvención á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 11 de abril de 2017 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017.

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data 19 de outubro do 2017, aprobou o seguinte acordo: Aprobación de renuncia a subvención concedida pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia. Proxecto: Riveira, mocidade e emprego. Acompañamento e mentoring persoal e profesional para a mellora da empregabilidade.

Que a Dirección Xeral de Xuventude dou inicio do expediente declarativo de perda do dereito ao cobramento total da subvención, así como da procedencia de reintegro da contía anticipada por importe de 4.800 €.

SOLICITO:

Que a Xunta de Goberno Local aprrobe o inicio do procedemento de ingreso voluntario do importe a ingresar e que autorice ao Departamento de Intervención a levar os trámites oportunos

Que deberá remitirse á Dirección Xeral de Xuventude a copia do xustificante bancario da realización do devandito ingreso na conta do Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia nº ES82 0300 873110063172, co obxecto de dar traslado deste feito á Axencia Tributaria de Galicia.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- Aprobación do inicio do procedemento de ingreso voluntario do importe a ingresar
- Autorizar ao Departamento de Intervención a levar os trámites oportunos
- Remitir á Dirección Xeral de Xuventude a copia do xustificante bancario da realización do devandito ingreso na conta do Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia nº ES82 0300 873110063172, co obxecto de dar traslado deste feito á Axencia Tributaria de Galicia.



APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS (XUNTANZA DO MAIOR 2017).

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 23/10/2017, no que solicita a aprobación de prezo público para a realización da actividade “Xuntanza do Maior 2017”, o día 03/12/2017, incluída dentro do Programa de Dinamización e Promoción Social para os Nossos Maiores, do Departamento de Servizos Sociais.

Visto o informe emitido ao respecto pola Xefa de Servizo do Departamento de Servizos Sociais, M^a Francisca Vidal Regueira, de data 23/10/2017.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 03/11/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1.- A aprobación do seguinte prezo público:

Xuntanza do Maior 2017	Prezo Público (35%)	Aportación Concello
	16,00 €	30,00 €

2.- O inicio do expediente de contratación segundo a memoria xustificativa da idoneidade do contrato

3.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias de Servizos Sociais Comunitarios.


O anuncio deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

4.- O procedemento de pago será o seguinte: Os usuarios retirarán as entradas previo pago nas dependencias da Tesourería do Concello de Riveira e deberán acreditar a residencia no Concello de Riveira co seu DNI.

III.- CONTRATACIÓN.

1.- EXCLUSIÓN DO LICITADOR CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR, E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN Ó SEGUINTE LICITADOR CLASIFICADO, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN DA RÚA FAXINDE E CAMIÑO EN AREEIROS (CASTIÑEIRAS)”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de “Pavimentación da rúa Faxinde e camiño en Areeiros (Castiñeiras)”, cun orzamento





total de licitación de 93.391,16 euros (orçamento base: 77.182,78 euros; IVE 21%: 16.208,38 euros) e un prazo de execución de 2 meses.

O investimento foi incluído na **"4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015"**, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 29/06/2016, segundo a Circular da data 04/07/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 06/07/2016, co número 8.912).

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data outubro/2015, foi aprobado por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 30/11/2015.

O expediente de contratación, por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación (factor prezo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.619.05, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 20/04/2017.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 80, da data 28/04/2017, no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na mesma data, e no diario La Voz de Galicia, na súa edición da data 05/05/2017.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios na data 11/09/2017, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

1) SYR-AMG, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/05/2017, co número 7.902.

2) GR Construcciones Obras y Servicios, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 18/05/2017, co número 8.048.

3) Sondeos Porzuna, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/05/2017, co número 8.342.

4) Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 20/03/2017, co número 8.343.

5) Construcciones Ponciano Nieto, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/05/2017, co número 8.345.

6) Mantido, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.399.

7) F. Gómez y Cía, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.446.

8) Nemesio Ordóñez, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.459.

9) Vías y Servicios Generales, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.480.

10) Tamara Fernández Pérez.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/05/2017, co número 8.489.



11) Excave 2000, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.563, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

12) Mecano Obras y Reformas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.569, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

13) Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.593, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

14) Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.597, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

15) Jardincelas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.605, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

16) Martínez Montes e Hijos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.608, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

17) Canarga, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.612, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

18) Aquablue Sistemas Constructivos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.615, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

19) Excavaciones y Obras Candal, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.623, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

20) Excavaciones y Obras Melchor, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.629, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

21) Arines Obras y Proyectos, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.643, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

22) Construcciones D. Ogando, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.645, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

23) Obras y Viales de Galicia, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/05/2017, co número 8.655, presentada a través da oficina de correos na data 24/05/2017.

Unha vez realizada a apertura dos sobres "A", de documentación administrativa simplificada de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do estudio da documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 13/09/2017, acordou:

A.- Declarar admitidas a esta licitación ás empresas Sondeos Porzuna, S.L., Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L., Construcciones Ponciano Nieto, S.L., Mantido, S.L., Nemesio Ordóñez, S.A., Tamara Fernández Pérez, Movimientos de Áridos y



Construcciones de Arosa, S.L., Canarga, S.L., Arines Obras y Proyectos, S.L., Obras y Viales de Galicia, S.L. por considerar que a documentación administrativa simplificada aportada é correcta.

B.- Requirir ós licitadores que se indica a continuación para que, no prazo improrrogable de 3 días hábiles (contado desde ó día seguinte, inclusive, ó da recepción do requirimento que se lle envíe), de conformidade co artigo 81.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste expediente, presenten a documentación que en cada caso se indica, baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non proceden á emenda da documentación:

- As empresas SYR-AMG, S.L.U., GR Construcciones Obras y Servicios, S.L.U., F. Gómez y Cía, S.L., Excave 2000, S.L., Mecano Obras y Reformas, S.L., Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A., Jardincelas, S.L., Martínez Montes e Hijos, S.L., Aquablue Sistemas Constructivos, S.L., Excavaciones y Obras Candal, S.L., Excavaciones y Obras Melchor, S.L., Construcciones D. Ogando, S.L. deberán presentar o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos.

- A empresa Vías y Servicios Generales, S.L. deberá indicar o porcentaxe de subcontratación descomposto en unidades segundo o modelo de declaración que se indica na cláusula 12.1.1.L do Prego de cláusulas administrativas reitor da contratación.

Os requirimentos realizáronse por medio de escritos da alcaldía que se rexistraron de saída na data 18/09/2017, e que foron notificados por correo electrónico.

Unha vez rematado o prazo de emenda, e á vista da nova documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 28/09/2017, acordou:

1º) Dar por cumpridos os requirimentos de emenda dos defectos ou omisións observados na súa documentación administrativa, e declarar admitidas a esta licitación ás empresas F. Gómez y Cía, S.L., Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A., Excavaciones y Obras Candal, S.L. e Vías y Servicios Generales, S.L.

2º) Declarar excluídas da licitación ás empresas SYR-AMG, S.L.U., GR Construcciones Obras y Servicios, S.L.U., Excave 2000, S.L., Mecano Obras y Reformas, S.L., Jardincelas, S.L., Martínez Montes e Hijos, S.L., Aquablue Sistemas Constructivos, S.L., Excavaciones y Obras Melchor, S.L. e Construcciones D. Ogando, S.L., por non ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, regulada no artigo 6, epígrafe 7, da Ordenanza Fiscal B.1.1, por expedición de documentos administrativos.

O acto público de apertura dos sobres "C" (ofertas económicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, celebrouse pola Mesa de Contratación



na súa mesma reunión de data 28/09/2017, dando o resultado seguinte:

Licitador	Orzamento base (sen IVE)
Sondeos Porzuna, S.L.	47.444,26 €
Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.	46.857,66 €
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	46.471,75 €
Mantido, S.L.	65.373,81 €
F. Gómez y Cía, S.L.	49.994,00 €
Nemesio Ordóñez, S.A.	50.678,21 €
Vías y Servicios Generales, S.L.	60.588,48 €
Tamara Fernández Pérez	61.448,44 €
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	55.031,32 €
Movimientos de Áridos y Construcciones de	51.511,70 €
Canarga, S.L.	49.008,26 €
Excavaciones y Obras Candal, S.L.	53.821,73 €
Arines Obras y Proyectos, S.L.	53.155,79 €
Obras y Viales de Galicia, S.L.	51.338,84 €

Unha vez realizadas as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, e resultando que as ofertas económicas presentadas polas empresas Construcciones Ponciano Nieto, S.L., Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L. e Sondeos Porzuna, S.L. debían ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na súa citada reunión de data 28/09/2017, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificasen as súas ofertas.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación para xustificar as súas respectivas ofertas económicas as tres empresas requiridas.


Con data 10/10/2017 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra "Pavimentación da rúa Faxinde e camiño en Areeiros (Castiñeiras), no que conclúe que:*

"Na documentación presentada por Construcciones Ponciano Nieto, S.L. expón os motivos especialmente vantaxosos que lle levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.

Por outro lado, considerase que as empresas Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L. e Sondeos Porzuna, S.L. non aportan documentación que xustifique a baixa temeraria na que incorreron"

E segundo o exposto propón *"aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. e excluír ás empresas Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L. e Sondeos Porzuna, S.L. do proceso de licitación".*

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da





data 11/10/2017 e a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13/10/2017 acordou:

- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 10/10/2017 así como da documentación presentada polas empresas como xustificación da súas ofertas:

- a. Considerar xustificada a oferta económica presentada por Construcciones Ponciano Nieto, S.L."
- b. Non considerar xustificada a oferta económica presentada polas empresas Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L. e Sondeos Porzuna, S.L. excluíndoas, polo tanto, da licitación.

- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación da "Pavimentación da rúa Faxinde e camiño en Areeiros (Castiñeiras)", do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Orzamento base (sen IVE)
1	Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	46.471,75 €
2	Canarga, S.L.	49.008,26 €
3	F. Gómez y Cía, S.L.	49.994,00 €
4	Nemesio Ordóñez, S.A.	50.678,21 €
5	Obras y Viales de Galicia, S.L.	51.338,84 €
6	Movimientos de Áridos y Construcciones de	51.511,70 €
7	Arines Obras y Proyectos, S.L.	53.155,79 €
8	Excavaciones y Obras Candal, S.L.	53.821,73 €
9	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	55.031,32 €
10	Vías y Servicios Generales, S.L.	60.588,48 €
11	Tamara Fernández Pérez	61.448,44 €
12	Mantido, S.L.	65.373,81 €

- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a "Construcciones Ponciano Nieto, S.L.", que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (excepto a xa presentada na documentación simplificada).

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.



De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 16/10/2017.

A empresa “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.” presentou no Rexistro Xeral deste Concello a documentación requirida na data 31/10/2017 (con número de rexistro 17.459), unha vez que xa estaba rematado, polo tanto, o prazo de dez días hábiles concedido a tal efecto.

Entre a documentación presentada figura copia de aval de *Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R)*, de data 17/10/2017, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 49.244, depositado como garantía definitiva do contrato por importe de 2.323,59 euros.

Tendo en conta que o artigo 151 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no último parágrafo do apartado 2, establece que *“De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a pedir a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas”*.

Visto o resultado da clasificación das ofertas acordado pola Xunta de Goberno na súa sesión da data 13/10/2017 e de acordo cos antecedentes expostos,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

Primeiro.- Excluir da licitación á empresa “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”, por non ter presentado dentro do prazo concedido de dez días hábiles a documentación requirida que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do Prego de cláusulas administrativas reitor da contratación.

Segundo.- Autorizar a devolución do aval de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R) de data 17/10/2017, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 49.244, presentado pola empresa “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.” como garantía definitiva do contrato.

Terceiro.- Requerir á empresa “Canarga, S.L.”, que é o licitador que resultou clasificado en segundo lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (excepto a xa presentada na documentación simplificada).

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo





3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrência dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

2.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN NO LUGAR DE LAXES, DO VILAR E DE FRIÓNS (CARREIRA)

Debido a que os camiños de Laxes e Frións presentan un aglomerado moi deteriorado e o camiño do Vilar está en terra, considérase que é preciso pavimentalos adecuadamente para mellorar a seguridade viaria nos mesmos, xa que todos eles soportan tráfico rodado.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data xullo/2017, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 56.321,27 euros (Base: 46.546,50 euros; IVE 21%: 9.774,77 euros), sendo o prazo de execución de 1,5 meses.

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 19/10/2017,
- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 12/09/2017, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención, e que afectan á rede viaria de titularidade municipal, intégranse dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, e parcialmente, como solo rústico, e que a natureza das obras citadas axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, e que non se precisa autorización sectorial algunha.
- 3) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 19/09/2017, en relación co artigo 125 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.



- 4) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 19/09/2017, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 5) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal na data 20/10/2017 (número de operación 2017 22018940), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.61925.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	NIF	Orzamento		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Nemésio Ordóñez, S.A	A-15.146.608	21/09/2017	-----	38.124,68 euros
Construcciones Ponciano Nieto, S.L	B-15.293.145	19/09/2017	-----	38.388,58 euros
Canarga, S.l	B-15.360.902	21/09/2017	21700452	45.062,15 euros

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 31/10/2017, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.



Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xullo/2017, para as obras de **Pavimentación no lugar de Laxes, do Vilar e de Frións (CARREIRA)** nun prezo total de licitación de 56.321,27 euros (Base: 46.546,50 euros; IVE 21%: 9.774,77 euros), sendo o prazo de execución de 1,5 meses

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61925.

CUARTO.- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **Pavimentación no lugar de Laxes, do Vilar e de Frións (CARREIRA)** á empresa "Nemesio Ordóñez, S.A" (NIF A-15.146.608), no prezo total do contrato de 38.124,68 euros (Base: 31.508,00 euros; IVE 21%: 6.618,68 euros), segundo o seu orzamento da data 21/09/2017.

QUINTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

3.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE PEREIRAS E DO ACCESO AO HOSPITAL DE OLEIROS.

Debido a que as vías sobre as que se pretende actuar están na actualidade moi deterioradas, con importantes zonas disgregadas que supoñen un perigo para a seguridade viaria, ao soportar tráfico rodado, necesítase proceder a renovación do seu pavimento.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data xullo/2017, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 36.226,54 euros (Base: 29.939,29 euros; IVE 21%: 6.287,25 euros), sendo o prazo de execución de 1 mes.

Consta no expediente:

- 6) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 19/10/2017,



- 7) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 12/09/2017, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención, e que afectan á rede viaria de titularidade municipal, intégranse dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, e parcialmente, como solo rústico, e que a natureza das obras citadas axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, e que non se precisa autorización sectorial algunha.
- 8) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 19/09/2017, en relación co artigo 125 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 9) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 19/09/2017, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 10) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal na data 20/10/2017 (número de operación 2017 22018939), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.61926.


Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real





Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	NIF	Orzamento		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Canarga, S.L	B-15.360.902	21/09/2017	21700534	23.147,95 euros
Nemesio Ordóñez, S.A	A-15.146.608	21/09/2017	-----	23.684,92 euros
Construcciones Ponciano Nieto, S.L	B-15.293.145	19/09/2017	-----	23.985,59 euros

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 31/10/2017, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xullo/2017, para as obras de Pavimentación do camiño de Pereiras e do acceso ao Hospital de Oleiros nun prezo total de licitación de 36.226,54 euros (Base: 29.939,29 euros; IVE 21%: 6.287,25 euros), sendo o prazo de execución de 1 mes.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61926.

CUARTO.- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de Pavimentación do camiño de Pereiras e do acceso ao Hospital de Oleiros á empresa "Canarga, S.L" (NIF B-15360902), no prezo total do contrato de 23.147,95 euros (Base: 19.130,54 euros; IVE 21%: 4.017,41 euros), segundo o seu orzamento da data 21/09/2017.

QUINTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.



IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde en funcións, Manuel Emilio Pérez Outeiral (Decreto de substitución de data 07/11/2017), de data 08/11/2017 **“Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “División en postos da 1ª planta e creación de espazo multifuncional na planta 2ª do Mercado Municipal””**.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO LISTADO DE LICENZAS MUNICIPAIS POLAS QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES.

FINALIDADE DA LICENZA DE VENDA AMBULANTE: Ocupación temporal no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 9.1 Sistema Xeral Portuario.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vistas as solicitudes presentadas polos interesados/as coa respectiva documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017, para exercer a venda ambulante nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **URBANO CON ORDENANZA 9.1 SISTEMA XERAL PORTUARIO.**

ORDENANZA 9.1.- Desenvolvemento

La ordenanza correspondiente debe ajustarse a lo indicado en la Ley 27/1992, es decir, que debe establecer que el sistema general portuario se desenvuelve mediante un Plan Especial o instrumento equivalente, a formular por la Administración Portuaria, y que se instrumentará en la forma establecida en la citada Ley de Puertos. Asimismo, debe establecer que los usos, actividades, instalaciones, construcciones, etc. permitidas en las instalaciones portuarias serán acordes con usos portuarios y con fines propios de la Administración Portuaria.



ORDENANZA TRANSITORIA 9.2-

En ausencia de los correspondientes planes especiales que desarrollan el sistema general portuario, y hasta tanto no se redacten y entren en vigor, se estima conveniente el que se introduzca en el Plan Xeral, una normativa transitoria que se entiende, debe tener un carácter muy general, dada la peculiaridad de los puertos como soporte de un conjunto de actividades comerciales, industriales, de ocio y recreo, etc., en un proceso de permanente evolución como consecuencia de estar sometidas a una serie de complejos factores exteriores, la mayoría coyunturales, que por su dificultad, y en algunos casos, imposibilidad de predicción, exigen una normativa con la suficiente flexibilidad para permitir una rápida adaptación a las circunstancias de cada momento.

De esta forma también se evitará que determinadas obras en los Puertos puedan sufrir considerables retrasos e incluso paralizaciones, lo cual afectaría gravemente a la operatividad y desarrollo de los mismos, perjudicando notablemente su actividad, con los consiguientes perjuicios para los usuarios y, en general, para todo el Ayuntamiento, por la especial repercusión de la actividad portuaria en su economía.

Por lo tanto, el contenido de esta normativa será el siguiente:

Gestión y tutela de las zonas de servicio (sistema general portuario): cualquier actuación en su suelo, de carácter urbano, portuario, deberá contar con la previa concesión o autorización, según sea el caso, de los Organismos Portuarios competentes.

Usos permitidos: los indicados en la vigente Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante.

Usos prohibidos: los también indicados en la vigente Ley anterior.

Alturas: la altura máxima de las edificaciones (de coronación) será de 12 metros exceptuándose de esta delimitación aquellas instalaciones singulares destinadas al servicio del puerto, tales como depósitos, silos, frío, torretas de alumbrado y balizamiento, etc.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

SÉTIMO.- A Lei de de propiedade horizontal ten por obxecto a regulación da forma especial de propiedade establecida no artigo 396 do Código Civil, que se denomina propiedade horizontal.

Establece a Lei 49/1960 de 21 de xullo de propiedade horizontal nos termos da modificación introducida polo Real Decreto Legislativo 7/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana que, requirirán autorización administrativa en todo caso a constitución e modificación do complexo inmobiliario.

OITAVO.- Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

NOVENO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Da documentación obrante no expediente, e e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 27/10/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- DECLARAR A INNECESARIEDADE DA LICENZA DE SEGREGACIÓN de local cunha superficie de 663,49 m² emprazado en parcela con ref^a catastral nº 0517105NH0101N0038HL na Rúa Pedro Arias nº 36, Baixo, Riveira, actuación que aparece autorizada expresamente na Escritura de declaración de obra nova en construción e constitución en réxime de proiedade horizontal outorgada pola notario M^a Covadonga Vázquez López na data 4 de novembro de 1999, nos termos do Estudio Técnico de innecesariedade de segregación de local de outubro de 2017 redactado por Manuel Vidal García, presentado polo Sr. Alberto Redondo Benito como administrador único e actuando en nome e representación da sociedade MONTEMUÑO S.L., resultando:



- Local 1 de 171,00 m², Local 2 de 94,69 m², Local 3 de 102,77 m², Local 4 de 106,11 m², Local 5 de 188,92 m².

SEGUNDO.- Asimesmo a declaración de innecesiedade de segregación autorizada:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da declaración de innecesiedade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as autorizacións e licenzas municipais no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á CORRECCIÓN DE OFICIO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE SESIÓN DE DATA 21 DE SETEMBRO DE 2017 POLO QUE SE CONCEDE AO SR. JOSÉ MANUEL DIOS TEIRA A LICENZA DE SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS (Nº 7/17).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira e Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

SITUACIÓN: Rúa Fafián nº 19, Riveira.

REFª CATASTRAL: 0611520NH0101S0000MZ.

FINCA MATRIZ: Finca con refª catastral nº 0611520NH0101S0000MZ, que de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 2.529,00 m² parte da mesma en Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira (1.087,00 m²) e parte en Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada (1.442,00 m²) que linda: Norte rúa fafián, finca con refª catastral nº 0611504NH0101S e finca con refª catastral nº 0611505NH0101S; Sur vial asfaltado e finca con refª catastral nº 001101600NH01A; Este finca con refª catastral nº 0611518NH0101S e finca con refª catastral nº 001101600NH01A; Oeste finca con refª catastral nº 0611505NH0101S, finca con refª catastral nº 15074A01700718 e finca con refª catastral nº 001101600NH01A.

FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

FINCA A cunha superficie bruta de 1.087,00 m², unha superficie de cesión de 261,00 m² resultando unha unha superficie neta de 826,00 m², que linda: Norte rúa Fafián e finca con



refª catastral nº 0611505NH0101S; Sur finca B resultante da segregación; Este finca con refª catastral nº 0611518NH0101S; Oeste finca con refª catastral nº 0611505NH0101S.

FINCA B cunha superficie bruta de 1.442,00 m², unha superficie de cesión de 8,00 m² resultando unha unha superficie neta de 1.434,00 m², que linda: Norte finca A resultante da segregación e finca con refª catastral nº 0611504NH0101S; Sur vial asfaltado e finca con refª catastral nº 001101600NH01A; Este finca con refª catastral nº 0611518NH0101S e finca con refª catastral nº 001101600NH01A; Oeste finca con refª catastral nº 15074A01700718 e finca con refª catastral nº 001101600NH01A.

SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos comprende unha superficie total de cesión de 269,00 m², resultando na franxa sita no lindeiro da Finca A unha superficie de cesión de 261,00 m², e no lindeiro este da Finca B unha superficie de cesión de 8,00 m².

PROMOTOR/A: Sr. José Manuel Dios Teira, (DNI 76.489.537-R).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470).

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xullo de 2017 / Escritura de Propiedade.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Polo Sr. José Manuel Dios Teira, solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 14 de xullo de 2017, (Rexistro de entrada nº 12.282), licenza de segregación de parcela con refª catastral nº 0611520NH0101S0000MZ, sita na Rúa Fafián nº 19, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xullo de 2017 redactado por Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470), así como Escritura de propiedade.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 21 de setembro de 2017 acordou por unanimidade **CONCEDER** ao Sr. José Manuel Dios Teira a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA** con refª catastral nº 0611520NH0101S0000MZ, sita na Rúa Fafián nº 19, Riveira, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xullo de 2017 redactado por Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470), así como Escritura de propiedade:

- **FINCA A** cunha superficie bruta de 1.087,00 m², unha superficie de cesión de 261,00 m² resultando unha unha superficie neta de 826,00 m², que linda: Norte rúa Fafián e finca con refª catastral nº 0611505NH0101S; Sur finca B resultante da segregación; Este finca con refª catastral nº 0611518NH0101S; Oeste finca con refª catastral nº 0611505NH0101S.
- **FINCA B** cunha superficie bruta de 1.442,00 m², unha superficie de cesión de 8,00 m² resultando unha unha superficie neta de 1.450,00 m², que linda: Norte finca A resultante da segregación e finca con refª catastral nº 0611504NH0101S; Sur vial asfaltado e finca con refª catastral nº 001101600NH01A; Este finca con refª catastral nº 0611518NH0101S e finca con refª catastral nº 001101600NH01A; Oeste finca con refª



catastral nº 15074A01700718 e finca con refª catastral nº 001101600NH01A.

- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** *Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos comprende unha superficie total de cesión de 269,00 m², resultando na franxa sita no lindeiro da Finca A unha superficie de cesión de 261,00 m², e no lindeiro este da Finca B unha superficie de cesión de 8,00 m².*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA SOLO URBANO CONSOLIDADO e ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.**

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xullo de 2017 redactado por Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470, así como Escritura de propiedade.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia dispón que considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.



CUARTO.- O artigo 149 da LSG establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

QUINTO.- O artigo 150 da LSG establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- d) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- e) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- f) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade. artigo

SEXTO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:



1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.


5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

SÉTIMO.- Establece o artigo 366 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro respecto as parcelacións urbanísticas:

Considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación (artigo 148 da LSG).

Para estes efectos, son parcelacións urbanísticas todas as divisións ou segregacións de terreos cando, con independencia da clase de solo no que se pretendan realizar, teñan como obxectivo levar a cabo ou facilitar os actos de utilización propios do solo urbano e a implantación de obras propias deste solo, por





razón das características físicas dos terreos afectados, da súa delimitación por viais existentes ou de nova creación, da implantación de servizos urbanísticos ou das características das obras descritas na operación de división.

Artigo 367. División e segregación de predios en solo rústico

No solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítese segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente (artigo 149 da LSG).

OITAVO.- O artigo 368, define o réxime de parcelacións e divisións de terreos:

1. Non se poderá efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibida en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas (artigo 150.1 da LSG).

2. Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituír un novo (artigo 150.2 da LSG).

3. Serán indivisibles as parcelas edificables conforme unha relación determinada entre superficie do solo e superficie construíble cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no punto anterior (artigo 150.3 da LSG).

4. En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e deste regulamento (artigo 150.4 da LSG).

5. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento (artigo 150.5 da LSG).

O previsto neste punto debe entenderse consonte o previsto nos artigos 30 e 36 deste regulamento para o solo urbano e o solo de núcleo rural, respectivamente.

6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación (artigo 150.6.a) da LSG).

b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas (artigo 150.6.b) da LSG).

c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe (artigo 150.6.c) da LSG).

7. Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que



se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade (artigo 150.7 da LSG).

8. Polo que se refire aos complexos inmobiliarios ou á construción de predios en réxime de propiedade horizontal aplicarase o disposto na lexislación estatal vixente.

NOVENO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO.- Establece o artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido dila Lei do Solo e Rehabilitación Urbana a obriga de inscrición de determinados actos administrativos no Rexistro da Propiedade.

DÉCIMO PRIMEIRO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/11/2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. José Manuel Dios Teira a **CORRECCIÓN DA LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 7/17)** con refª catastral nº 0611520NH0101S0000MZ, sita na Rúa Fafián nº 19, Riveira, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xullo de 2017 redactado por Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470), así como Escritura de propiedade resultando:

- **FINCA A** cunha superficie bruta de 1.087,00 m², unha superficie de cesión de 261,00 m² resultando unha unha superficie neta de 826,00 m², que linda: Norte rúa Fafián e finca con refª catastral nº 0611505NH0101S; Sur finca B resultante da segregación; Este finca con refª catastral nº 0611518NH0101S; Oeste finca con refª catastral nº 0611505NH0101S.
- **FINCA B** cunha superficie bruta de 1.442,00 m², unha superficie de cesión de 8,00 m² resultando unha unha superficie neta de 1.434,00 m², que linda: Norte finca A resultante da segregación e finca con refª catastral nº 0611504NH0101S; Sur vial asfaltado e finca con refª catastral nº 001101600NH01A; Este finca con refª catastral nº 0611518NH0101S e finca con refª catastral nº 001101600NH01A; Oeste finca con refª catastral nº 15074A01700718 e finca con refª catastral nº 001101600NH01A.
- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que



segundo a arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos comprende unha superficie total de cesión de 269,00 m², resultando na franxa sita no lindeiro da Finca A unha superficie de cesión de 261,00 m², e no lindeiro este da Finca B unha superficie de cesión de 8,00 m².

SEGUNDO.- En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos comprende unha superficie total de cesión de 269,00 m², resultando na franxa sita no lindeiro da Finca A unha superficie de cesión de 261,00 m², e no lindeiro este da Finca B unha superficie de cesión de 8,00 m².

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Vista a resolución remitida pola **Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, de data 22/05/2017 (Rexistro de saída nº 6708/RX909581 de data 14/06/2017), e rexistrado de entrada en data 21/06/2017 co nº 10.821, pola que se desestima o recurso de alzada RA/AG/2016/00067 interposto polo Alcalde de Riveira fronte á resolución do director de Augas de Galicia, de data 18/02/2016, recaída no procedemento DH.D15.49088, pola que se sanciona a este concello cunha multa de 1.250,00 € pola comisión dunha sanción administrativa, de carácter leve, tipificada no artigo 85.k) da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, e no que confirma a resolución recorrida na súa integridade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Que se proceda ao pago da sanción imposta (1.250,00 €) na resolución do director de Augas de Galicia, de data 18/02/2016, recaída no procedemento DH.D15.49088, dando traslado deste acordo aos servizos económicos municipais para a súa tramitación.
- Que se proceda a repercutir á empresa VIAQUA o importe da sanción imposta (1.250,00 €)

SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2017-2018

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 30/10/2017, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2017-2018

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

Destino Santiago de Compostela



Ramallo Suárez, Clara 53799142A

Destino A Coruña

Ramallo Suárez, Clara 53799142A

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREAMENTO DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA PROFESOR/A DE MÚSICA, NA ESPECIALIDADE DE PIANO, PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE RIVEIRA.

En relación ao asunto de referencia, e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES

1º.- Na data 21/09/2017, M^a Herminia Pouso Maneiro, concelleira delegada de educación do Concello de Riveira, emite informe no que da conta da próxima situación de baixa laboral por maternidade na que se vai a atopar a profesora de piano do Conservatorio Profesional de Música de Riveira, Teresa Bretal Martínez, polo que solicita a contratación dun/dunha traballador/a para a súa substitución.

2º.- Por Providencia da Alcaldía de data 31/10/2017, dispónse que se proceda á iniciación e tramitación do procedemento administrativo correspondente para a contratación dun/dunha PROFESOR DE MÚSICA NA ESPECIALIDADE DE PIANO, coa emisión dos informes xurídico e económico correspondentes, que deberán pronunciarse sobre a posibilidade de realizar a contratación solicitada, a modalidade da contratación utilizada e a existencia de crédito adecuado e suficiente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2105, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e



profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

En canto aos sistemas selectivos, o artigo 61.6 e 7 do TREBEP dispón: “6. Os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición que deberán incluír, en todo caso, unha ou varias probas para determinar a capacidade dos aspirantes e establecer a orde de prelación. Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos. 7. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior, ou concurso de valoración de méritos. As Administracións Públicas poderán negociar as formas de colaboración que no marco dos convenios colectivos fixen á actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos.”. No mesmo sentido se expresa o artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Non se regula o procedemento de acceso do persoal laboral temporal. Aínda así, a selección deste persoal debe realizarse respectando os principios básicos recollidos nos artigos 55.2 do TREBEP e 49 da Lei 2/2015, xa que estes preceptos, á hora de regular os principios que deben respectarse na selección do persoal, non diferenza entre persoal fixo ou temporal. Iso si, en aplicación do principio recollido no apartado 2 f) do artigo 55 do TREBEP (“axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección”), o procedemento de selección pode simplificarse, sempre e cando se respecten os principios básicos de publicidade e obxectividade.

SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, xurde a necesidade de proceder á contratación dun/dunha PROFESOR/A DE MÚSICA, na especialidade de piano para a substitución da titular do posto, Teresa Bretal Martínez, ante a previsión da súa próxima maternidade.

O referido posto está incluído no cadro de persoal que forma parte do orzamento xeral para o ano 2017, aprobado en sesión celebrada na data 07/04/2017 e publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 93 do 19/05/2017, así como na RPT do Concello de Riveira aprobada na data 22/12/2009.

Trátase dun posto de persoal laboral, tal e como está definido no cadro de persoal e na RPT antes referidos, polo que como sistemas selectivos poden empregarse calquera dos anteriormente referidos, podendo simplificarse, de ser o caso, o procedemento de selección, por exemplo, reducindo o prazo dos aspirantes para presentalas súas instancias, do alcalde para ditar resolución dos admitidos e excluídos, etc., pero sempre respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.



TERCEIRO.- Neste ano 2017, para a incorporación de novo persoal no sector público compre acudir ao artigo 19 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017, cuxos apartados un, dous, cinco e seis teñen carácter básico.

No referido precepto dispónse que a incorporación de novo persoal no sector público estará suxeita aos límites e requisitos establecidos nos apartados seguintes do citado artigo, coa excepción da incorporación de persoal que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores ou dos procesos de selección e reclutamento para a cobertura das plantillas de militares de Tropa e Mariñeiría profesional fixadas na disposición adicional décima cuarta.

As limitacións á incorporación de novo persoal resultan da aplicación da taxa de reposición de efectivos, que se fixará, agás nos sectores e administracións do apartado Un. 2 do artigo 19, ata un máximo do 50% (apartado Un. 3.).

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, o porcentaxe de taxa máximo fixado aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se tiveran incorporado nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, agás os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non impliquen a reserva de postos de traballo (apartado Un. 4).

As prazas resultantes deberán incluírse nunha Oferta de Emprego Público que, de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 70 do TREBEP, deberá ser aprobada polos respectivos órganos de Goberno das Administracións Públicas e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, da Comunidade Autónoma ou, no seu caso, do Estado, antes da finalización de cada ano (apartado Cinco).

CUARTO.- No presente caso, trátase da cobertura dun posto de traballo no que se prevé a ausencia da súa titular debido á súa próxima maternidade, necesidade á que se pode facer fronte coa contratación de persoal laboral temporal, para o que é preciso ter en conta o disposto no artigo 19.Dous da Lei 3/2017 que dispón o seguinte: *“Non se poderá proceder á contratación do persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”*

A este respecto, consta no expediente providencia de alcaldía na que, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21.1 letras g) e h) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, xustifica a urxencia e necesidade de realizar a referida contratación: *“Na data 21/09/2017, M^a Herminia Pouso Mapeiro, concelleira delegada de educación do Concello de Riveira, emite o seguinte informe: “Que Teresa Bretal Martínez, con DNI núm. 52.939.992 H, profesora de piano do Conservatorio Profesional de Música de Riveira, comunica á*



*Dirección do Centro que prevé atoparse en situación de baixa laboral por maternidade o vindeiro mes de decembro. Dada a proximidade da dita data e a imposibilidade do resto de profesores da mesma especialidade de asumir o horario lectivo de Teresa Bretal Martínez, PROPOÑO: Que se autorice e se proceda á contratación dun/ha profesor/a substituto na especialidade de piano durante o período da baixa laboral por maternidade de Teresa Bretal Martínez.” Ao tratarse dunha contratación para a substitución temporal dunha traballadora, enténdese que **esta contratación ten un carácter excepcional**. Con esta contratación, e en base aos argumentos expostos no informe emitido pola concelleira delegada de educación, **pretende cubrirse unha necesidade urxente e inaprazable**. Necesidade, debido á falta de persoal para o desenvolvemento das tarefas propias deste posto de traballo, ao resultar imposible para os demais profesores de piano asumir as tarefas da Sra. Bretal Martínez. Urxente e inaprazable, xa que a ausencia da titular do posto de profesora de piano vaise a producir no vindeiro mes de decembro, o que implica que se vai producir unha carencia de persoal que pode dificultar enormemente o desenvolvemento das clases do Conservatorio Profesional de Música, na especialidade de piano, tendo este servizo carácter prioritario, xa que estamos a falar da prestación dun servizo educativo como é o servizo do Conservatorio Profesional de Música, no que se ensina esta disciplina a moitos nenos e nenas do noso e doutros Concellos, fomentando así a cultura nesta materia e a súa formación musical.”*

Entendese así, que se cumpre co disposto no artigo 19. Dous da citada lei estatal, xa que o límite citado polo artigo (“necesidades urxentes e inaprazables”) resulta un concepto xurídico indeterminado, cuxo significado debe determinarse caso por caso pola Administración competente para a súa aplicación, sen prexuízo dun eventual control xudicial a posteriori da mesma.

QUINTO.- En canto á modalidade contractual que pode utilizarse neste caso, cómpre realizar as seguinte apreciacións.

O mercado laboral temporal sostense sobre non demasiadas modalidades contractuais, que nos gusten ou non, son as que existen baixo pena de incorrer na creación dun novo “*laboral indefinido-non fixo*”, que se basea na teoría creada polo TS a finais dos anos noventa, doutrina que pode considerarse consolidada e amplamente aceptada tanto no ámbito da xurisprudencia como no ámbito da doutrina científica, en cuxa conformidade a irregular celebración de contratos temporais pola Administración Pública sáldase coa conversión da relación laboral temporal nunha relación de carácter indefinido, que pervivirá ata a cobertura do posto polos trámites regulamentarios. A doutrina comezou a alumearse a partir da Sentenza do TS de 07/10/1996, que foi reiterada en posteriores pronunciamentos do TS, consagrándose definitivamente a partir da Sentenza do 20/01/1998.

Á ausencia de modalidades contractuais, hai que engadir que a Disposición Adicional 15ª ET traslada ao ámbito da contratación laboral coa Administración Pública a regra contida no artigo 15.5 ET, determinante da transformación automática e inevitable da relación temporal previa nunha relación por tempo



indefinido no singular suposto de que un mesmo traballador tivera sido contratado baixo dous ou mais contratos sucesivos, con ou sen solución de continuidade entre eles, das modalidades de obra ou servizo determinado ou eventuais, durante un período superior a 24 meses nun período de referencia de 30 meses.

Con este panorama, débese acudir correctamente á modalidade de contrato para obra ou servizo determinado, contrato eventual por circunstancias da produción, ou contrato de interinidade (artigo 15.1 a), b) e c)), ós que hai que sumar os contratos formativos do artigo 11 do ET.

Para simplificar a problemática que ocasiona o conciso marco de contratación temporal aplicable ás Administracións Públicas, o artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acuñou dúas novas figuras de funcionario interino que permiten diminuír o uso do contrato temporal e as consecuencias que tal uso pode supoñer para as entidades públicas: o funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal (un símil funcional do contrato de obra ou servizo determinado) e o funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de 6 meses dentro dun período de 12 meses (equivalente en gran medida ao contrato temporal eventual).

Estas figuras de funcionario interino tamén se atopan reguladas no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Ámbalas dúas normas expresan as características esenciais da figura do funcionario interino:

- O seu nomeamento obedece sempre a razóns de urxencia e necesidade e;
- O dito nomeamento é para desempeñar funcións propias dos corpos ou escalas dos funcionarios de carreira.

En definitiva, a única receita para non incorrer en fraude de lei á hora de formalizar contratacións laborais temporais é avaliar previamente ás verdadeiras necesidades municipais a cubrir e formalizar a modalidade de contrato que sexa acorde coa causa temporal que o xustifique.

SEXTO.- Neste suposto, e ao tratarse da contratación de persoal laboral para a substitución dunha traballadora da que se prevé a súa ausencia debido á súa próxima maternidade, e polo tanto con dereito a reserva do posto de traballo, enténdese que a modalidade contractual que pode utilizarse neste caso é o contrato de interinidade por substitución, regulado no artigo 15.1 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no artigo 4 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro.

O contrato deberá formalizarse por escrito, debendo identificar necesariamente o traballador substituído, a causa de substitución e si o posto de traballo a desempeñar vai a ser o do traballador substituído ou o doutro traballador



que pase a desempeñar o posto daquel. Rexistrárase polo Concello, no prazo dos dez días seguintes a súa concertación, na correspondente Oficina de Emprego, onde quedará depositado un exemplar (artigo 6 RD 2720/1998).

Neste contrato pode converterse período de proba, e deberá celebrarse a xornada completa agás nos supostos seguintes: cando o traballador substituído estivera contratado a tempo parcial, ou se trate de cubrir temporalmente un posto de traballo cuxa cobertura definitiva vaia a realizarse a tempo parcial. Neste caso, en canto á xornada a traballadora da que se prevé a súa substitución está contratada a tempo parcial (20 horas semanais), polo que o contrato debe celebrarse a tempo parcial de 20 horas semanais.

A duración do contrato de interinidade por substitución é a do tempo que dure a ausencia do traballador con dereito á reserva do seu posto. E o contrato extingúirase pola efectiva reincorporación do traballador ou pola extinción definitiva do seu contrato, debendo realizar previa denuncia ou comunicación do Concello, conforme ó prazo de preaviso que se pacte.

SÉTIMO.- O órgano municipal competente para a aprobación das Bases é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegacións de competencias asinado pola Alcaldía na data 01/07/2015.

Por todo isto, visto o informe con proposta de resolución emitido pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 06/11/2017, e visto o informe de fiscalización previa limitada emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 07/11/2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a contratación laboral temporal dun/dunha profesor/a de música, na especialidade de piano, para o Conservatorio Profesional de Música do Concello de Riveira, en substitución de Teresa Bretal Martínez, titular do posto, en previsión da súa ausencia debido á súa próxima maternidade.

